

Xornal / Actualidade

USC Artigo

Mabel Loza, premio Wonenburger

A catedrática da USC destacou o papel da universidade pública a prol da ciencia de calidade



De esquerda a dereita, a secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella; Alicia Estévez e María José Alonso, premiadas en edicións anteriores; o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo; a galardoada, Mabel Loza; Peregrina Quintela, premiada en edicións anteriores; e o vicepresidente Alfonso Rueda

Martes, 28 de xaneiro de 2020 | Santiago de Compostela
A catedrática da USC Mabel Loza acaba de recibir o premio María Josefa Wonenburger Planells, destinado a recoñecer a traxectoria de mulleres científicas de Galicia que se adiantaron ao seu tempo e abriron camiños a moitas outras. Loza abordou no seu discurso a importancia do equipo e das persoas como elemento fundamental para facer ciencia de calidade, sempre orientada a resultados e que se erixe na misión da universidade pública.

Pola súa banda, o titular da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, resaltou na súa intervención o compromiso inquebrantable de Mabel Loza coa

importancia da ciencia e do coñecemento para avanzarmos como sociedade. Un compromiso que desenvolve cada día desde o grupo BioFarma da USC, destacou Feijóo. “Como Wonenburguer, Loza realizou estadias fóra, no seu caso, no Centro Médico Monte Sinaí de Nova York. Pero continuou a súa carreira científica en Galicia, desde a mesma alma máter na que se formou, a Universidade de Santiago, e o eco das súas investigación traspasa as nosas fronteiras”, expuxo, subliñando ademais a súa participación na creación de tres compañías.



Mabel Loza, no centro da imaxe, xunto a Alberto Núñez Feijóo (esquerda) e Alfonso Rueda (dereita)

O presidente do Executivo galego concluíu a súa intervención incidindo en que a ciencia galega escríbese cada vez máis con nome de muller, como proba este galardón. “Inmaculada Paz Andrade, María Teresa Miras Portugal, María Soledad Soengas, Carmen Navarro, Ofelia Rey, Tarsy Carballas, María José Alonso, Carmen García Mateo, Isabel Aguirre, Peregrina Quintela, Begoña Vila, Alicia Estévez. Todas elas foron premidas e todas elas asinan traxectorias sobresaíntes no eido científico e académico ás que hoxe se suma Mabel Loza”, sentenciou.

Este galardón leva o nome da investigadora e matemática galega María Josefa Wonenburger, unha autentica pioneira e referente feminino internacional no ámbito das ciencias e que foi unha científica adiantada ao seu tempo. O premio naceu para resaltar as traxectorias relevantes de mulleres nos eidos das ciencias e da tecnoloxía, baixo un nome que pretende ser unha homenaxe á figura da matemática coruñesa.



A Universidade
USC
Graos
Máster
Doutoramento
USC Vida

Perfís
Estudantes
Estudantes estranxeiros
PDI
PAS
Futuros estudantes
Egresados/as
País e nais

USC Virtual
Campus Virtual
Secretaría Virtual
Sede Electrónica
Taboleiro Electrónico
Correo Web

Centros
Departamentos
Servizos

Xornal
Directorio
Contacto
Protección de datos

